

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Unidade de Contratación

*Anuncio - Determinación da composición da Mesa de Contratación Permanente como órgano de asistencia nos expedientes de contratación competencia do Alcalde ou da Xunta de Goberno Local por delegación deste.*

##### ANUNCIO

Determinación da composición da Mesa de Contratación Permanente como órgano de asistencia nos expedientes de contratación competencia do Alcalde ou da Xunta de Goberno Local por delegación deste

Visto que por decreto da Alcaldía-Presidencia de data 17 de setembro de 2007 (BOP A Coruña nº 266 de 17/11/2007) aprobouse a creación e composición dunha Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol para todos aqueles expedientes cuxo órgano de contratación sexa o Alcalde.

Tendo en conta que con data do 15 de xuño de 2019 constituíuse a nova Corporación municipal, consonte o resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019.

Considerando o disposto no artigo 326 e no apartado 7º da DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) respecto dos procedementos nos que o órgano de contratación debe estar asistido por unha Mesa de Contratación e respecto da composición das referidas Mesas no ámbito local:

Artigo 326.1 LCSP: “Nos procedementos abertos, abertos simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estará asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa de contratación será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1º do artigo 168, na que será obrigatoria a constitución da Mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa”.

DA 2ª, apartado 7 da LCSP “A Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira o persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun tercio do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

Tendo en conta o Decreto do Alcalde-Presidente de data 8 de xullo de 2019 polo que se delegan na Xunta de Goberno Local as competencias que como órgano de contratación lle corresponden ao Alcalde segundo o disposto no apartado 1º da DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), a excepción dos contratos menores regulados no artigo 118.

En virtude do exposto, ao amparo do establecido no artigo 326 e apartado 7º da DA 2ª da LCSP así como nos artigos 21 e seguintes do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, sobre normas específicas de réxime local, no tocante á composición das Mesas de Contratación, á Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 5/08/2019, como órgano de contratación competente ao abeiro da Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 8 de xullo de 2019 e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, acordou:

Primeiro.- Aprobado a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol respecto dos procedementos aos que se refire o artigo 326.1 LCSP en relación aos contratos cuxo órgano de contratación sexa o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local por delegación deste, nos termos establecidos no apartado 7 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que estará integrada polos seguintes membros:

**1. Presidente/a:**

Titular: Concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna

Suplente: Concelleiro/a en quen delegue

**2. Vogais:**

Titular: Concelleiro/a do servizo propoñente do contrato

Suplente: Concelleiro/a en quen delegue

Titular: Secretario Xeral da Corporación

Suplente: Funcionario/a que legalmente o substitúa

Titular: Interventor Xeral da Corporación

Suplente: Funcionario/a que legalmente o substitúa

Titular: Xefe do Servizo de Contratación

Suplente: Xefe/a de Sección de Contratación

Titular: Xefe/a do Servizo directamente relacionado por razón da materia co expediente de contratación

Suplentes: Xefe/a de Sección ou Negociado do mesmo servizo

**3. Secretario/a:**

Titular: Xefa do Negociado de contratación

Suplente: Funcionario/a que legalmente o substitúa

Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción feita do secretario/a da Mesa que só terá voz.

Por último, se aprobou a publicación do acordo no perfil do contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e a súa comunicación aos membros da Mesa de Contratación para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

En Ferrol, a 22 de agosto de 2019.

O concelleiro delegado de Urbanismo, Mobilidade, Vivenda, Rehabilitación, Contratación e Organización Interna.

Don Julián Reina Villalón

2019/6706